



ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
14.07.2022

LUGAR: Aula virtual do Consello Social

DATA: 14.07.2022

HORA DE COMEZO: 13:00

HORA DE REMATE: 13:20

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
López Fernández, Yolanda
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

ESCUSARON PARTICIPACIÓN

Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María

NON PARTICIPARON

Blanco Rial, María Gloria
Cendón Alonso, María Teresa
Larriba Leira, María Elvira
Ramos Vázquez, Antonio
Santamaría Conde, Juan José

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 14 de xullo de 2022, ás 13:00 horas, celebrouse sesión extraordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

Punto único: Acordo que proceda para o nomeamento de Xerente da Universidade de Vigo, consonte os termos previstos na lexislación orgánica de universidades, e o artigo 75.4c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Dá conta Ernesto Pedrosa das razóns para a urxencia da convocatoria extraordinaria. O Reitor agradece ao presidente e ao secretario a celeridade coa que se reuniu o pleno.

Pide a palabra Xan Cebro para anunciar a súa despedida e agradecer o talante e o trato recibido durante os catro anos que permaneceu no Consello Social, ao que cualifica como "órgano básico para a universidade". Salienta neste senso a labor do presidente e do secretario, e dedica un recoñecemento especial á anterior xerente pola receptividade e talante para acadar acordos laborais no difícil momento que lle tocou, e transmite os mellores desexos para o futuro do PAS ante os retos "moi importantes" que se avexiñan.

O presidente agradece as palabras e recoñece o traballo e o afán de Xan Cebro durante a súa estadía como membro do Consello Social. Manuel Reigosa amosa o seu compromiso de manter a negociación e o acordo como eixos da nova etapa coa futura xerente.

PUNTO ÚNICO

Acordo que proceda para o nomeamento de Xerente da Universidade de Vigo, consonte os termos previstos na lexislación orgánica de universidades, e o artigo 75.4c) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

O presidente introduce e documenta o único asunto a tratar. Elena Añel e Xosé Manuel Atanes anuncian a súa abstención.

- ***O Pleno aproba o acordo de nomeamento proposto.***

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:20 horas do 14 de xullo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias